

# BOLETÍN EPIDEMIOLÓGICO DE GALICIA

VOL. VI / 1992 / NUM. 6  
SEMANAS 21-24 / 1992  
(17 maio 1992 / 13 xuño 1992)



## ACTIVIDADE GRIPAL NA TEMPORADA 1991-1992 NA NOSA COMUNIDADE

A típica clínica da influenza caracterízase por un comezo brusco de febre, mialxia, afectación da gorxa e tose non productiva. A diferenza das infeccións respiratorias comúns, a influenza pode causar un severo malestar de varios días de duración, e que aínda pode ser maior en caso de que o paciente sufra unha pneumonía primaria ou secundaria por sobreinfección bacteriana.

Pero para efectos de *vixilancia*, o Sistema de enfermidades comunicables de Canadá propón unha definición de caso máis operativa, considerando notificable como gripe a:

Enfermidade respiratoria febril (temperatura igual ou superior a 38°C); xeralmente caracterizada por postración e tos, que en opinión do clínico pode ser debida ó virus da influenza).

As persoas de idade e os que sofren problemas de saúde importantes teñen un maior risco de presentar complicacións secundarias á infección por influenza, e por tanto, maiores probabilidades de ser hospitalizados que a poboación xeral. Este risco relativo aínda se incrementa máis cando ocorren grandes epidemias.

Pero tamén un incremento na mortalidade indica o impacto das epidemias de influenza. Este aumento está motivado non só pola gripe e a pneumonía, senón tamén polas infeccións cardiopulmonares e outras enfermidades crónicas que resultan exacerbadas por esta infección.

Estímase que aproximadamente o 80-90% das mortes atribuídas a pneumonías e gripe ocorren en persoas de 65 anos ou máis.

Existen boas razóns para que na nosa Comunidade se administren as medidas de control de forma rigorosa, xa que este estrato de poboación estase a incrementar, e a idade leva asociado o padecemento de enfermidades crónicas que son factor de risco de padecer un proceso máis severo.

Por outra banda, as políticas de control deben ter en conta que a mellora dos cuidados intensivos neonatais, o mellor tratamento de certas enfermidades como a fibrose cística, a S.I.D.A. e a maior supervivencia dos trasplantados está a incrementa-lo risco de padecemento de complicacións secundarias en persoas máis novas.

Nos meses de setembro e outubro de 1991 a Consellería de Sanidade puxo en marcha un programa de vacinación antigripal e co propósito de coñecer-lo comportamento da gripe na temporada 1991-1992 realizouse o seguinte estudo.

### MATERIAL E METODOS

Para o estudo do ano epidemiolóxico da gripe 1991-1992 empregáronse dous sistemas de información de diferente natureza. En primeiro lugar, compiláronse os datos procedentes das notificacións numéricas de gripe, I.R.A. e pneumonías recollidos polo Sistema de enfermidades de declaración obrigatoria e, en segundo lugar, as defuncións por gripe que figuran no Rexistro Galego de Mortalidade.

Analizouse a distribución de casos declarados entre a semana 33 dun ano e a 32 do seguinte (principios de agosto), xa que neste período se centra a maior actividade da gripe. Os datos de poboación corresponden ós do censo do ano 1991.

Para o establecemento dun lintel de alarma empregouse a mediana de casos do quinquenio anterior.


### RESULTADOS

#### 1. Evolución da gripe declarada nos tres últimos períodos e distribución estacional.

Na nosa Comunidade Autónoma, na temporada 1991-1992 notificáronse 105.794 casos de gripe, o que supuxo unha gran diminución (48%) con respecto da

incidencia declarada na temporada anterior. Esta tendencia decrecente, que se mantén desde hai tres períodos, non foi tan marcada na temporada anterior, onde a diminución cifrouse nun 17% (Gráfico n.º 1).

**Gráfico n.º 1**  
Comparación da incidencia de Gripe declarada nos tres últimos períodos. GALICIA




Entre a semana 51 de 1991 (14 de decembro) e a semana 9 de 1992 (23 de febreiro) rexistrouse a maior actividade de gripe, acadando o seu cume na semana 3. Esta notificación, de ser representativa, suporía o soporte dunha importante carga asistencial e un alto consumo de recursos sanitarios durante estes tres meses por este concepto.

## 2. Situación epidémica


Ó longo do período analizado, a incidencia declarada non superou a esperada, coa excepción do intervalo comprendido entre a semana 26 e 30 (Gráfico n.º 2).

**Gráfico n.º 2**  
Situación epidémica da Gripe Temporada 1991-1992. GALICIA




Cando analizamos a información por provincias observamos un comportamento similar nas catro provincias (Gráficos n.º 3, 4, 5 e 6). É de salientar que en Lugo, a diferenza das restantes provincias, a incidencia foi alta na terceira cuatrisesmana do período.


**Gráfico n.º 3**  
Situación epidémica da Gripe Temporada 1991-1992. A CORUÑA




**Gráfico n.º 4**  
Situación epidémica da Gripe Temporada 1991-1992. LUGO



**Gráfico n.º 5**  
Situación epidémica da Gripe Temporada 1991-1992. OURENSE



**Gráfico n.º 6**  
Situación epidémica da Gripe Temporada 1991-1992. PONTEVEDRA





**ENFERMIDADES DE DECLARACIÓN  
SEMANAS 21 - 24,**

Z.S.A.I. E ÁREAS	RESPIRATORIAS											
	INFECC. RESP. AGUDAS		GRIPE		PNEUMONÍA		TUBERCULOSE RESPIRATORIA		INFECCIÓN MENIGOCOCICA		OUTRAS MENINXITES	
	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.
Fene	543	5064	55	1288	4	94	0	6	0	0	0	
O Ferrol	196	1602	26	297	8	67	3	11	0	5	3	
Narón	891	5590	93	1322	16	116	1	5	0	0	0	
Ortigueira	265	1892	61	571	7	44	0	3	0	0	0	
O FERROL	1895	14148	235	3478	35	321	4	25	0	5	3	
Betanzos	574	4166	47	993	13	88	3	9	0	0	0	
Culleredo-Burgo	740	5127	89	1559	24	175	0	8	0	0	0	
A Coruña	2290	16809	264	4686	45	232	1	37	0	7	0	1
Carballo	500	3915	65	1041	13	98	1	8	0	2	0	
Cee	589	3967	175	1798	13	135	0	1	0	1	0	
A CORUÑA	4693	33984	640	10077	108	728	5	63	0	10	0	1
Boiro	199	950	122	674	8	30	0	1	0	0	0	
A Estrada	393	3087	32	896	6	49	0	1	0	0	0	
Lalín	312	3042	107	1861	16	114	3	13	0	1	0	
Melide	239	1596	3	121	1	8	5	6	0	0	0	
Noia	961	6359	62	750	15	70	2	4	0	0	0	
Ordes	219	1923	132	1140	10	73	0	0	0	0	0	
Padrón	228	1716	121	1345	12	91	0	3	0	1	0	
Ribeira	168	1210	6	704	7	55	0	2	0	0	0	
Santa Comba	85	972	12	709	2	30	1	1	0	0	0	
Santiago	1278	8081	166	2181	22	185	3	12	0	1	0	
SANTIAGO	4082	28936	763	10381	99	705	14	43	0	3	0	
Marín	788	7606	9	972	3	110	0	0	0	0	0	
Pontevedra	2012	14780	293	5459	63	473	14	46	0	2	1	1
Sanxenxo	304	2374	4	432	7	61	1	4	0	0	0	
Vilagarcía Arousa	1221	8042	99	1426	36	143	0	2	0	1	0	
PONTEVEDRA	4325	32802	405	8289	109	787	15	52	0	3	1	1
Cangas	704	4081	49	1013	9	53	2	9	0	0	0	
Ponteareas	938	8726	96	1235	26	207	1	10	0	0	0	
Porriño	724	5289	29	1055	9	120	1	3	0	0	0	
Redondela	458	2925	37	399	7	46	1	3	0	0	0	
Tui	582	4521	53	1335	21	174	0	0	0	0	0	
Valmiñor	549	3385	28	773	5	54	0	1	0	0	0	
Vigo	4137	23194	671	5827	141	732	39	196	1	23	4	3
VIGO	8092	52121	963	11637	218	1386	44	222	1	23	4	3
Carballiño	878	6741	107	1625	19	127	0	2	0	0	0	
Celanova	455	3963	70	1289	8	67	1	3	0	2	0	
Ourense	1907	17267	146	3309	69	599	9	47	0	6	1	
Ribadavia	588	3940	100	1502	9	103	0	3	0	0	0	
Verín	538	4923	60	763	5	58	0	4	0	0	0	
Xinzo Limia	450	3142	42	1209	10	124	0	1	0	0	0	
OURENSE	4816	39976	525	9697	120	1078	10	60	0	8	1	
Monforte Lemos	1236	8332	172	1761	26	207	2	10	0	2	4	
MONFORTE	1236	8332	172	1761	26	207	2	10	0	2	4	
Becerreá	290	1577	63	760	16	77	1	4	0	0	0	
Lugo	2266	16324	151	2901	81	539	8	41	0	6	9	2
Sarria	439	2945	76	1104	19	153	0	4	0	0	0	
Vilalba	412	2358	36	744	7	65	0	2	0	0	0	
LUGO	3407	23204	326	5509	123	834	9	51	0	6	9	2
Viveiro	299	2047	21	534	22	95	0	2	0	0	0	
Cervo-Burela	397	2653	25	597	20	148	3	8	0	0	0	
Ribadeo	319	2823	15	509	4	58	0	0	0	0	0	
CERVO	1015	7523	61	1640	46	301	3	10	0	0	0	
O Barco	1498	10397	104	2216	21	170	0	4	0	1	0	
O BARCO	1498	10397	104	2216	21	170	0	4	0	1	0	
<b>GALICIA</b>	<b>35059</b>	<b>251423</b>	<b>4194</b>	<b>64685</b>	<b>905</b>	<b>6517</b>	<b>106</b>	<b>540</b>	<b>1</b>	<b>61</b>	<b>22</b>	<b>9</b>

\* Os datos deste cadro son provisionais.



**OBRIGATORIA. SITUACIÓN POR ZONAS**  
**do 17/05/92 ó 13/06/92**

MUNICIPIO	VARICELA		ESCARLATINA		FEBRE REUMÁTICA AGUDA		FEBRE TIFOIDEA E PARATIFOIDEA		TOXIINFECCIÓN ALIMENTARIA		OUTROS PROCESOS DIARREICOS		HEPATITE VIRICA A		SARAMPELO		INMUNOPREVIBLES	
	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.
0	80	412	0	5	0	0	0	0	1	1	78	661	0	2	0	6		
3	4	50	0	1	0	0	0	0	0	5	34	191	1	1	0	1		
0	36	176	0	5	0	0	0	0	0	3	110	519	1	3	0	1		
0	2	64	0	2	0	0	1	2	4	5	57	230	0	1	0	0		
3	122	702	0	13	0	0	1	2	5	14	279	1601	2	7	0	8		
0	38	124	1	4	0	0	0	0	3	25	97	481	0	1	5	16		
0	41	307	3	9	0	0	0	1	0	1	118	548	0	1	0	30		
1	61	222	8	29	0	0	1	1	19	93	401	2369	1	2	14	67		
0	24	84	1	11	0	0	0	0	1	4	143	551	0	0	29	47		
1	6	110	0	1	0	0	0	0	0	12	167	699	1	1	0	0		
2	170	847	13	54	0	0	1	2	23	135	926	4648	2	5	48	160		
0	10	27	4	21	0	0	0	2	0	0	23	147	0	1	2	2		
0	54	127	0	1	2	3	0	2	0	4	60	308	0	0	12	96		
3	19	53	2	11	1	7	0	2	0	0	76	417	0	0	3	226		
0	0	7	0	0	0	0	0	0	0	0	15	223	0	0	0	0		
2	50	131	1	18	0	0	0	0	2	9	115	722	1	2	12	13		
0	20	139	0	2	0	0	0	0	0	9	44	250	0	0	0	0		
0	10	241	0	0	0	3	0	1	0	8	89	381	0	2	0	37		
0	9	41	1	1	0	0	0	2	0	1	60	255	0	1	0	0		
0	30	188	1	4	0	0	0	0	1	1	49	196	0	0	4	10		
0	111	337	6	18	0	0	1	1	2	14	171	933	0	3	33	122		
5	313	1291	15	76	3	13	1	10	5	46	702	3832	1	9	66	506		
0	109	299	10	33	0	0	0	2	2	2	250	949	0	0	6	7		
0	125	526	6	21	0	7	0	8	46	57	469	2186	2	10	136	441		
0	4	22	0	3	0	0	0	0	0	4	62	265	2	11	0	47		
0	119	600	6	20	0	6	0	2	0	10	244	1135	1	12	2	235		
0	357	1447	22	77	0	13	0	12	48	73	1025	4535	5	33	144	730		
1	85	151	15	23	0	2	0	2	0	2	176	542	0	4	0	3		
0	41	86	0	2	0	1	0	0	0	1	146	842	2	2	4	85		
0	128	414	0	2	1	3	0	1	2	6	93	507	0	0	8	67		
0	23	78	0	5	1	1	0	0	0	3	98	414	0	0	23	76		
0	54	368	3	24	0	4	0	1	0	5	240	795	2	3	4	106		
0	17	98	0	3	1	1	0	0	0	1	82	485	0	0	4	44		
6	328	1089	22	85	4	27	2	15	30	119	882	3557	0	13	44	200		
7	676	2284	40	144	7	39	2	19	32	137	1717	7142	4	22	87	581		
0	18	53	2	5	0	0	0	0	0	0	120	460	0	0	8	41		
0	1	31	0	0	0	0	0	4	0	1	66	382	0	2	0	1		
3	50	265	1	14	0	0	2	4	6	24	325	2147	1	8	17	28		
0	18	46	0	8	0	0	0	0	0	0	51	340	1	1	4	24		
0	1	31	2	2	0	0	0	0	0	3	83	443	0	0	13	16		
0	27	121	0	9	0	0	0	0	0	0	62	285	0	2	0	3		
3	115	547	5	38	0	0	2	8	6	28	707	4057	2	13	42	113		
4	64	172	0	1	0	7	0	0	0	4	162	747	0	0	3	70		
4	64	172	0	1	0	7	0	0	0	4	162	747	0	0	3	70		
0	8	81	1	5	0	0	0	0	0	0	39	158	0	0	0	3		
4	141	569	10	28	0	9	0	1	6	16	302	1592	0	7	0	6		
0	23	124	0	0	1	6	0	1	2	6	60	236	0	0	3	7		
0	17	195	0	2	0	3	0	0	0	0	54	191	1	1	0	0		
4	189	969	11	35	1	18	0	2	8	22	455	2177	1	8	3	16		
0	9	21	0	0	0	0	0	0	0	2	153	513	0	0	0	1		
1	64	291	0	7	0	1	1	1	0	1	77	345	0	0	0	1		
0	10	105	0	4	0	1	0	0	0	0	47	217	0	1	0	0		
1	83	417	0	11	0	2	1	1	0	3	277	1075	0	1	0	2		
0	222	444	0	3	0	0	0	0	2	3	250	976	0	0	1	8		
0	222	444	0	3	0	0	0	0	2	3	250	976	0	0	1	8		
9	2311	9120	106	452	11	92	8	56	129	465	6500	30790	17	98	394	2194		



**ENFERMIDADES DE DECLARACIÓN OBRIGATORIA. SITUACIÓN POR ZONAS  
SEMANAS 21 - 24, do 17/05/92 ó 13/06/92**

Z.S.A.I. E ÁREAS	INMUNOPREVIBLES						TRANSMISION SEXUAL				ZONOSOS		OUTRAS	
	RUBEOLA		PAROTIDITE		TOSEFERINA		SÍFILE		URETRITE GONOCOCICA		BRUCELOSE		HEPATITE VIRICA B	
	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.
Fene	0	3	0	3	0	1	0	0	2	7	0	0	0	0
O Ferrol	0	2	0	1	0	0	0	0	0	4	0	0	2	4
Narón	0	20	0	0	0	0	0	0	0	16	0	0	0	2
Ortigueira	0	0	0	0	0	0	0	0	3	6	0	0	2	2
O FERROL	0	25	0	4	0	1	0	0	5	33	0	0	4	8
Betanzos	4	18	0	3	0	0	0	0	4	8	1	1	0	1
Culleredo-Burgo	5	32	1	11	0	0	0	0	3	11	0	0	0	2
A Coruña	5	22	2	11	5	15	0	0	3	31	0	0	2	12
Carballo	4	28	0	2	0	0	0	0	5	14	0	0	0	2
Cee	0	0	0	0	0	0	0	0	1	7	0	0	0	0
A CORUÑA	18	100	3	27	5	15	0	0	16	71	1	1	2	17
Boiro	2	2	0	2	0	0	0	0	0	9	0	0	0	0
A Estrada	0	3	0	4	0	0	0	1	0	1	0	0	0	0
Lalín	1	1	0	1	0	1	0	0	3	14	0	0	0	0
Melide	0	0	1	1	0	0	0	0	2	6	0	0	0	0
Noia	1	2	1	1	0	0	0	0	3	25	0	0	0	2
Ordes	0	5	0	0	0	0	0	0	5	18	0	0	0	0
Padrón	0	2	0	0	0	0	0	0	7	11	0	0	0	0
Ribeira	1	1	0	0	0	0	1	1	4	13	0	0	0	1
Santa Comba	1	1	0	0	0	0	0	0	1	6	0	0	0	0
Santiago	1	6	0	0	0	0	1	2	5	57	0	0	0	2
SANTIAGO	7	23	2	9	0	1	2	4	30	160	0	0	0	5
Marín	2	5	0	1	0	0	0	0	1	23	0	0	0	2
Pontevedra	6	17	0	4	0	0	0	0	7	29	0	0	0	1
Sanxenxo	0	0	0	0	0	0	0	0	0	4	0	0	1	3
Vilagarcía Arousa	2	5	1	7	0	0	0	0	11	41	0	0	0	0
PONTEVEDRA	10	27	1	12	0	0	0	0	19	97	0	0	1	6
Cangas	0	6	2	3	0	0	0	0	1	3	0	0	0	0
Ponteareas	0	0	0	2	0	0	0	1	8	34	0	0	0	0
Porriño	0	6	0	1	0	0	0	0	1	5	0	0	0	0
Redondela	0	0	1	1	0	0	0	0	0	19	0	0	0	0
Tui	0	0	0	1	0	0	0	0	7	44	0	0	0	0
Valmiñor	4	15	4	8	0	0	0	0	0	2	0	0	0	0
Vigo	8	20	5	22	1	2	1	7	8	42	0	1	1	20
VIGO	12	47	12	38	1	2	1	8	25	149	0	1	1	20
Carballiño	0	0	0	0	0	0	0	0	0	17	0	2	0	2
Celanova	0	0	0	0	0	0	0	0	7	28	0	2	0	1
Ourense	0	1	0	7	0	0	0	6	8	76	2	9	1	8
Ribadavia	0	2	0	0	0	0	0	0	3	20	0	0	0	0
Verín	0	0	1	2	0	0	0	0	0	33	1	6	0	1
Xinzo Limia	0	1	1	1	0	0	0	0	7	39	0	2	0	0
OURENSE	0	4	2	10	0	0	0	6	25	213	3	21	1	12
Monforte Lemos	0	8	1	4	0	0	0	0	4	33	0	4	0	0
MONFORTE	0	8	1	4	0	0	0	0	4	33	0	4	0	0
Becerreá	0	0	0	1	0	0	0	0	1	3	0	1	0	0
Lugo	0	1	2	4	0	0	0	6	9	45	1	1	0	7
Sarria	0	0	0	0	0	0	0	0	4	16	0	0	0	0
Vilalba	0	0	0	0	0	0	0	0	1	4	0	0	0	0
LUGO	0	1	2	5	0	0	0	6	15	68	1	2	0	7
Viveiro	0	0	0	1	0	0	0	0	3	5	0	0	0	0
Cervo-Burela	0	0	1	2	0	1	0	1	2	5	0	1	0	0
Ribadeo	0	4	1	1	0	0	0	0	1	5	0	0	0	0
CERVO	0	4	2	4	0	1	0	1	6	15	0	1	0	0
O Barco	0	0	0	0	0	2	0	0	5	37	2	7	0	0
O BARCO	0	0	0	0	0	2	0	0	5	37	2	7	0	0
<b>GALICIA</b>	<b>47</b>	<b>239</b>	<b>25</b>	<b>113</b>	<b>6</b>	<b>22</b>	<b>3</b>	<b>25</b>	<b>150</b>	<b>876</b>	<b>7</b>	<b>37</b>	<b>9</b>	<b>75</b>


\* Os datos deste cadro son provisionais.

### 3. Distribución por zonas

No período comprendido entre a semana 51 de 1991 e a semana 8 de 1992, na nosa Comunidade Autónoma foron declarados 17.91 procesos gripais por cada 1.000 habitantes. Se calculamos a incidencia por áreas vemos que 4 delas (O Barco, Ourense, Monforte e Pontevedra) superaron a incidencia de Galicia, sendo particularmente rechamante o caso do Barco (Gráfico n.º 7).

Gráfico n.º 7

Incidencia declarada de Gripe por Áreas de Saúde  
Período entre a semana 51 de 1991 e a 9 de 1992




### 4. Comparación de I.R.A./gripe

Desde o ano 1984 nunca se rexistrara unha diferenza tan marcada entre a incidencia notificada de infeccións respiratorias agudas e gripe. Como pode observarse no Gráfico n.º 8, o descenso experimentado pola gripe en 1992 non se acompañou dunha diminución similar de procesos respiratorios agudos, o que fai pouco probable que este comportamento se poida explicar por unha subnotificación de influenza.

A este respecto hai que comentar que tampouco se pode afirmar que exista unha relación causal coa campaña de vacinación gripal desenvolvida no período, tanto polas características da información recollida, como porque foi un ano de baixa actividade gripal en toda España. Por outra banda, non debemos esquecer-lo posible sesgo de información, motivado pola posta en marcha da citada campaña, que engrosaría a rúbrica de «Infeccións respiratorias agudas» ás expensas de casos de Gripe.

Gráfico n.º 8

Evolución da incidencia de Gripe e I.R.A.  
Período 1984-1992. GALICIA




### 5. Comparación de pneumonías/gripe

Desde o ano 1984 vñase observando que a gripe amosaba un comportamento bianual, concordante co das pneumonías. Mais no ano 1990 esta tendencia rompeuse, observándose unha diminución progresiva da gripe, acompañada dunha tendencia inversa das pneumonías. O incremento destes procesos resulta difícil de interpretar debido a que en parte podería responder a un aumento da cobertura do nivel hospitalario, onde se rexistran procesos de maior gravidade en detrimento dos banais (Gráfico n.º 9).

Gráfico n.º 9

Evolución da incidencia declarada de Gripe e Pneumonías. Período 1984-1992. GALICIA



### 6. Mortalidade

Aínda que non é posible facer unha valoración do período analizado, por non dispoñer de datos de mortalidade máis que ata a semana 43 de 1991, si podemos observar no Gráfico 10 que o período de maior actividade gripal acompañase dun incremento marcadamente simétrico, non só das defuncións por gripe, senón tamén das totais. Esta circunstancia constata a contribución da influenza e das patoloxías asociadas a ela á mortalidade xeral, e reforza a importancia da vacinación antigripal.

Gráfico n.º 10

Comparación entre a Mortalidade e Morbilidade declarada

